

**IMPORTACIÓN  
DE CONTIDOS  
DOUTRA  
MATERIA EN  
MOOVI**

## Introdución

A presente guía ten por obxectivo explicar o procedemento para importar os contidos dunha materia en MooVi para outra.

Esta opción é especialmente útil cando queremos copiar nunha materia en branco do curso actual, os contidos da materia do curso pasado.


### Opción «Importar»

A plataforma Moodle permite importar os contidos dunha materia para outra a través da opción «Importar».

O primeiro que debes facer é acceder á materia na cal queres incorporar os contidos.

Por exemplo, se na materia baleira do curso 2024-25 queres importar os contidos desa mesma materia do curso anterior, tes que acceder á materia baleira do 23-24. Para localizar correctamente a materia, diante do código aparece o ano académico ao que pertence.

Unha vez dentro, preme na pestana «máis» e selecciona «Reutilizar o curso»:



The screenshot shows the Moodle interface for a course titled 'Biología: Biología I'. The breadcrumb trail indicates the course is from the year '2022/2023' under 'Titulacións Oficiais' for the 'Grao en Ciencias do Mar'. The course page includes a sidebar with 'Información do curso' and a main content area with tabs for 'Curso', 'Axustes', 'Participantes', 'Cualificacións', 'Informes', and 'Más'. A red arrow points to the 'Más' dropdown menu, which is open and shows options: 'Banco de preguntas', 'Banco de contidos', 'Completado de cursos', 'Insignias', 'Filtros', 'Recycle bin', and 'Reutilizar o curso'. The 'Reutilizar o curso' option is highlighted with a red box.

Na seguinte pantalla, no despregable escolle «Importar»:

## Biología: Biología I

Curso   Configuración   Participantes   Calificaciones   Informes   More ▾

Importar

- Importar
- Copia de seguridad
- Restaurar

2. Configuración inicial ▶ 3. Configuración del esquema ▶ 4. Confirmación y revisión ▶ 5. Realizar la importación ▶ 6. Completo

### Encontrar un curso desde el que importar datos:

Seleccione un curso Más de 10 cursos encontrados, mostrando los primeros 10 resultados

	Nombre completo del curso
--	---------------------------

Aparecen as materias nas que es profesor/a. É importante que te fixes, de novo, no código do curso académico que queres importar, é dicir, nesta pantalla debes escoller a materia na que están os contidos que che interesa importar. Se tes moitos cursos e non aparece na listaxe, podes buscalo no cadro de «Buscar», preferiblemente polo seu código. Selecciona a materia que desexas importar.

**IMPORTANTE:** fíxate en seleccionar correctamente a materia do curso académico desde onde queres importar os contidos.

Preme en «Continuar» para pasar á seguinte pantalla:

Importar

1. Selección de cursos ▶ 2. Axustes iniciais ▶ 3. Axustes do esquema ▶ 4. Confirmación e revisión ▶ 5. Facer a importación ▶ 6. Completa

### Buscar un curso dende o que importar datos:

Seleccione un curso Atopáronse máis de 10 cursos, amósanse os primeiros 10 resultados

	Nome completo do curso
<input type="radio"/> titorias01	Espazo para as titorías presenciais MooVi
<input type="radio"/> teledoc06	Curso Sonia probas - preguntas
<input type="radio"/> TELEDOC02	Espazo de proba Sonia Álvarez
<input type="radio"/> Probas2021	Curso de probas Teledocencia
<input type="radio"/> TELEDOC08	Probas restauración preguntas Claroline
<input type="radio"/> TELEDOC30	Moodle avanzado
<input checked="" type="radio"/> TELEDOC20	Iníciate en el manejo de Moodle
<input type="radio"/> 2021-TELEDOC21	Curso probas Moodle
<input type="radio"/> 2021-TELEDOC16	Moodle (probas)
<input type="radio"/> 2223-V10G062V01101	Biología: Biología I

Hai demasiados resultados, introduza unha busca máis específica.

**IMPORTANTE:** só podes importar un curso á vez, se precisas importar contidos de varios terías que repetir este proceso.

A seguinte pantalla «Axustes iniciais» amosa o tipo de datos a importar. Preme en «Seguinte»:

1. Selección de cursos ▶ 2. **Axustes iniciais** ▶ 3. Axustes do esquema ▶ 4. Confirmación e revisión ▶ 5. Facer a importación ▶ 6. Completa

Axustes da importación

- Incluir as actividades e recursos
- Incluir os bloques
- Incluir os ficheiros
- Incluir os filtros
- Incluir as actividades do calendario
- Incluir o banco de preguntas
- Incluir os grupos e agrupamentos
- Incluir campos personalizados
- Include content bank content

No seguinte paso «Axustes do esquema» debes deixar marcados os recursos/actividades que desexas importar.

**IMPORTANTE:** desactiva o cadro do «Foro de novas» («Anuncios») para evitar duplicalo.

Preme no botón «Seguinte» para continuar co proceso.

1. Selección de cursos ▶ 2. Axustes iniciais ▶ 3. **Axustes do esquema** ▶ 4. Confirmación e revisión ▶ 5. Facer a importación ▶ 6. Completa

Incluír:

Seleccionar  
Todo / Ningún (Amosar as opcións de tipos)

Anuncios

Evaluación final

cartafol

ficheiro

páxina

páxina web da UVigo

Convocatoria extraordinaria

Na seguinte pantalla «Confirmación e revisión» amósase un resumo dos elementos a importar. Se todo é correcto preme no botón «Facer a importación». En caso contrario, no botón «Anterior».

## Importación de contidos doutra materia en MooVi

1. Selección de cursos ➤ 2. Ajustes iniciais ➤ 3. Ajustes do esquema ➤ 4. **Confirmación e revisión** ➤ 5. Facer a importación ➤ 6. Completa

**Axustes da importación**

Incluír as actividades e recursos	✓
Incluír os bloques	✓
Incluír os ficheiros	✓
Incluír os filtros	✓
Incluír as actividades do calendario	✓
Incluír o banco de preguntas	✓
Incluír os grupos e agrupamentos	✓
Incluír campos personalizados	✓
Incluír content bank content	✓

**Elementos incluídos:**

Anuncios ✖

**Evaluación final** ✓

cartafol ✓

Ficheiro ✓

Páxina ✓

Páxina web da UVigo ✓

Convocatoria extraordinaria ✓

Anterior Cancelar Facer a importación

Unha vez rematado o proceso, aparecerache unha mensaxe indicando que a importación foi realizada correctamente. Premendo en "Continuar", volves ao curso no que deberías ter importados os contidos seleccionados, comproba que foron importados correctamente.

### Moodle (probas)

Taboleiro / Os meus cursos / 2020/2021 / Outros cursos / 2021-TELEDOC16 / Importar

1. Selección de cursos ➤ 2. Ajustes iniciais ➤ 3. Ajustes do esquema ➤ 4. Confirmación e revisión ➤ 5. Facer a importación ➤ 6. **Completa**

Importación completada. Prema en «Continuar» para volver ao curso. ✕

Continuar

## Contacto

En caso de dúbidas ou incidencias, contacta con [soporte.moovi@uvigo.gal](mailto:soporte.moovi@uvigo.gal)